



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 12/2023

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

En Ordes, a vinte e seis de outubro de dous mil vinte e tres.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 28 de setembro de 2023, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que no punto de rogos e preguntas existe un erro ao identificar á concelleira do BNG Sra. Martínez Vieites:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Onde di:

.../...

Intervén a Sra. Martínez Veiras, concelleiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

.../...

Debe dicir :

.../...

Intervén a Sra. Martínez Vieites, concelleira do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 28 de setembro de 2023, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Vieites Calvo, sendo dezaseis o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Vidal Ríos.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta das actuacións seguintes:

Recibiuse a Orde, de 24/10/2023, da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en relación co documento do PXOM aprobado provisionalmente por acordo do Pleno de data 11/08/2023, na que se sinala que analizada a documentación achegada, pódese comprobar o seu xuste cumprimento en xeral da normativa urbanística sectorial vixente, nomeadamente que se deu cumprimento ás deficiencias sinaladas na anterior Orde 27/06/2023 de non aprobación do PXOM. Poren, cumpre formular as seguintes observacións, que son cinco. A capacidade de solo urbano consolidado residencial ascenda 1.210.629 m² segundo a táboa do apartado 3.3.1.1 na memoria. excluindo xa todas as plantas baixas das edificacións. Neste mesmo punto, minórase esta superficie en base a unha e correcta consideración do número de vivendas como debe facerse en base a edificabilidade residencial proposta. O mesmo sucede no caso do solo urbano consolidado. Isto o que ven a dicir é que o criterio que empregou o equipo redactor non coincide co que consideran os técnicos de urbanismo da Xunta de Galicia á hora de calcular o 15% de zonas verdes. A superficie que hai que incrementar de zonas verdes son aproximadamente 42.000 m², e o que se vai a traer como proposta á comisión informativa, que van a ser a ampliación de unha parte máis no río Mercurín, a área da Adina Vella no Mesón do Vento, excluída da zona que non ten núcleo, a Ponte Pereira e as parcelas que están lindeiras á vía verde na estación da Pontraga. Isto xa foi xa tamén comentado coa Dirección Xeral de Ordenación Territorio e Urbanismo. Temos o visto bo pola súa parte, e polo tanto iso vai ser o que se vai facer. Do mesmo xeito, pois, hai que facer o novo informe do municipal de intervención, dado que se incorpora esta superficie ao Plan Xeral. Despois, as outras cuestións son as seguintes. O solo urbanizable, con fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 98 da Lei de Solo de Galicia, deberá equilibrarse o aproveitamento dos diferentes sectores de solo urbanizable, reducindo a edificabilidade ou incrementando os sistemas xerais adscritos do sector S06 para que diminúa a diferenza. O S06 que é un dos solos vinculados á rolda leste no tramo da Avenida de Cerceda, ten unha edificabilidade superior á dos outros sectores de vivenda unifamiliar dese entorno. Entón o que propoñen é que se equiparen todos, é unha cuestión que tamén que hai que facer. En canto ao solo do núcleo rural, única e exclusivamente é en referencia ao asentamento 0503. Segundo eles non cumpre a tipoloxía de acordo do artigo 23.3.b da Lei do solo de Galicia e que debe ser clasificado como solo rústico. Estamos a falar do solo do núcleo rural do Cano, onde están as gasoliñeiras a carón da N-550. E despois, en canto á normativa, ao abeiro do previsto nos artigos 90.2 da Lei do solo de Galicia e 63 do Plan Básico Autonómico de Galicia sobre o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

réxime das edificacións no conformes co planeamento urbanístico, artigo 2352 da normativa non pode permitir ampliacións de usos preexistentes non permitidos na ordenanza correspondente. Polo tanto, segundo o que explicou o equipo redactor, foi un problema na redacción e que hai que tamén corrixir esta eiva nesta redacción. E o último, que xa é unha cuestión totalmente menor, que se achegan ficheiros de máis de 30 MB, para poder ser dilixenciados e incluídos correctamente no Rexistro de planeamento de Galicia, sempre teñen que ter un tamaño menor de 30 MB. Polo tanto, resolven a non outorgación da aprobación definitiva. Hai que corrixir estas cinco eivas. É o que se vai facer xa é convocar unha Comisión informativa permanente e sometelo novamente a aprobación provisional do Pleno.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. APROBACION PROVISIONAL MODIFICACIÓN DO ART. 5 (COTA TRIBUTARIA) DAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 18: REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AUGA POTABLE, E Nº 19: REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS.

Expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación do servizo de auga potable (Art. 5. Cota tributaria) e de modificación da ordenanza fiscal nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros (Art. 5. Cota tributaria) (**Expdte. 2023/G016/000004**).

Visto o contido do informe económico-financeiro.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 20/10/2023.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é un trámite que se deriva do contrato asinado. Saben que hai certas deficiencias no abastecemento de auga. Piden que se estea máis pendente de que a empresa concesionaria subsane esas deficiencias.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que sinala que esta subida esta estipulada no contrato, subida en función do incremento do IPC. Está ben modificar a tarifa. Lembrarlle ao goberno municipal témoslle trasladado outras carencias, por exemplo na rede de pluviais. Hai bastantes entullos, bocas que non dan absorbido, están atascadas, non cumpren a súa función, se poden que se revisen, que fagan unha limpeza para o bo funcionamento da rede. Nese punto van a absterse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que todos os anos de acordo ao contrato fan o requirimento de toda a rede de pluviais. Que despois a empresa non cumpre ao cen por cen, é certo. Teñen que estar vixiantes

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), coas abstencións (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación do servizo de auga potable (Art. 5. Cota tributaria) e a modificación da



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ordenanza fiscal nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros (Art. 5. Cota tributaria), cuxos textos modificados figuran na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro de 2023, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A principios do mes de outubro o conselleiro de sanidade, Julio García Comesaña, acompañado pola directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, Sofía López Linares, visitou o centro de saúde de Ordes para presentar unha nova unidade móbil de radioloxía.

Segundo se puido saber por medio de diversas comunicacións, dito servizo desprazarase a Ordes periódicamente para realizar as radiografías pertinentes con cita previa. Dada a itinerancia da unidade soamente se poderán realizar probas de carácter non urxente.

Debemos ter en conta que o centro de saúde de Ordes constitúe á súa vez un Punto de Atención Continuada (PAC) que atende as urxencias do Concello e a súa contorna durante as 24 horas dos 365 días do ano.

En moitas ocasións as persoas usuarias acoden ao PAC con motivos de consulta por traumatismo. Nestes casos é preciso realizar unha radiografía para establecer o diagnóstico diferencial de fractura ósea. Actualmente, por carecer dos medios necesarios, os pacientes son derivados ao hospital de Santiago de Compostela implicando un desprazamento de máis de 30 km e longas agardas. De dispoñer dos equipos e o persoal necesario unha porcentaxe elevada de persoas poderían ser tratadas en Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A demanda deste servizo é unha vella reivindicación tanto por parte da veciñanza como do PSdeG-PSOE. Hoxe vemos con moita frustración que esta unidade se vai implantar, máis cunhas características que non permiten abordar de xeito efectivo as necesidades do centro de saúde.

Polo que, o grupo municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte ACORDO:

1. Demandar á Consellería de Sanidade a instalación dunha unidade de radioloxía no centro de saúde de Ordes.
2. Dotar dita unidade do persoal necesario para que se garanta o seu funcionamento permanente”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, para explicar o voto en contra da urxencia da moción, que sinala que a demanda do Servizo de Radioloxía é unha demanda de todos, non é patrimonio do Partido Socialista. Pediuna o BNG, a pedimos nos, a levamos pedindo, creo que todas as cores políticas presentes nesta corporación e tamén os que hoxe non están. Pero nin cando gobernaron a Xunta nin cando gobernaron no Concello trouxeron o servizo. Así que por favor, pídolle que para empezar xa non se frustren. Como vostedes mesmos se expoñen, en efecto, o Conselleiro de Sanidade anunciou a posta en marcha da Unidade Móbil de Radioloxía, que conta cunha sala de radioloxía dixital, unha área de acceso e recepción de pacientes, unha área de exploración con bestiario e lavabo con protección de chumbo. unha plataforma elevadora para persoas con mobilidade reducida, conta tamén coa tecnoloxía dixital que permite integrar as imaxes diagnósticas e as doses de radiación que reciben os usuarios, coa información, cos sistemas de información do Sergas de varios anos, donde consta o historial clínico. Pero tamén este anuncio indica que as súas actividades se iniciarán de maneira piloto. Incluso comentaba o Conselleiro a posibilidade de elevar o servizo móbil ao domicilio das persoas que por calquera suceso non puidesen desprazarse ao centro de saúde. O cal tamén sería un plus. A verdade é que para nos resulta totalmente sorprendente que o Partido Socialista, sen dar tempo a que esta iniciativa se poña en marcha, xa este facendo unha valoración sen ningún dato que lle permita chegar á conclusión de que o único que vale é que o Centro de Saúde teña unha unidade de radioloxía fixa. Así que, mire, nos vamos a esperar a que esta unidade de radioloxía móbil comece a súa actividade para poder avaliar cos datos a necesidade ou non de establecer a unidade de radioloxía fixa. Non se preocupen, porque de seguro que se os datos que se recollen na posta marcha en funcionamento, esixen ou reflexan a necesidade de que se instale a radioloxía fixa, nós seremos os primeiros en que solicitemos a radioloxía fixa aínda que temos o compromiso do Conselleiro. Como non temos ningunha necesidade de dubidar del, porque así se fixo coa unidade de saúde mental cando foi necesaria, como a incorporación da segunda matrona, como se está a instalar a caldeira de biomasa ou a subministración sucesiva que acaba de empezar de equipamento electromédico, non temos ningunha dúbida de que se é necesario vaise a instalar.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

“Galicia inicia o curso 2023-2024 con 60 unidades menos de infantil e primaria e cun recorte de 89 profesores. Esta tipoloxía de datos, moi frecuentes en Galicia, son os que marcan a importancia da educación pública para o goberno autonómico galego. Recortes, recortes e recortes de dereitos e oportunidades para todos e todas. Cada comezo de curso un pequeno recorte que ao longo dos anos fai mella na calidade educativa, nas condicións e calidade do profesorado, na economía das familias e sobre todo na posibilidade de crecemento persoal nas mellores condicións e mais igualitarias dos nenos e nenas galegas.

As condicións laborais do profesorado galego teñen unha realidade lamentable, sendo o colectivo docente con maior horario lectivo de todo o estado. Cada curso necesitan máis tempo para resolver asuntos burocráticos que para atender as necesidades didácticas do centro educativo. Moitas das causas desta excesiva burocracia veñen dadas pola mala xestión da consellería de educación, a cal necesita xustificar proxectos educativos para facer a súa propaganda partidista. Iso sí, á conta do profesorado que ten explotado nas aulas cubrindo papeis en lugar de programar, formarse e atender ao alumnado para mellorar a calidade educativa na nosa comunidade.

O ensino non pode ser de calidade se a ratio non se axusta ás necesidades actuais e específicas do alumnado de cada centro. Non pode ser unha cuestión numérica, sen ter en conta as características específicas e necesidades de cada alumno ou alumna, ou sen ter en conta por exemplo a situación da escola do rural. A resposta da Xunta de Galicia son peches de escolas, redución de aulas e redución de profesorado como alternativas para a mellora do sistema educativo galego. A negativa ou a incapacidade de xestión do goberno da Xunta de Galicia, que non ve a posibilidade e oportunidade de mellorar a calidade educativa nas escolas, fai que teñamos menos aulas, menos escolas e menos profesorado. O único que buscan é recortar en servizos públicos para beneficiar a servizos privados e facer propaganda para os seus intereses. Ante un goberno mediocre temos un servizo de educación pública mediocre.

A Galicia rural é quen máis sofre os recortes no ámbito da educación pública.

É onde se sofre a maior parte de supresións de unidades, falta de dotación de persoal especialista en atención á diversidade, peches de centros, agrupación forzosa de alumnado, reducidos a meros números, creando unha desigualdade educativa entre o alumnado do rural e o dos ámbitos urbáns e semiurbáns que contan con máis oportunidades. A falta de programación da Consellería de Educación e a falta de toma de decisións valentes do presidente do goberno da Xunta de Galicia fai que a educación en Galicia sexa cada curso de peor calidade.

No 2009 coa chegada do Sr. Feijóo ao Goberno da Xunta de Galicia, acabou co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño. Noutras comunidades son quen de ter un sistema de préstamos universal de libros, algunha destas comunidades son quen tamén de valorar e investir en educación uns 293 millóns de euros no que se beneficia o alumnado directamente. Ao contrario que en Galicia cunha inversión de 58 millóns de euros, non sendo esta consellería, a de educación, unha das importantes para o goberno do Partido Popular.

Ante o inicio de curso máis caro da historia, a Xunta de Galicia deixa sen axuda ás familias dificultando máis a situación económica familiar. Cando o encarecemento da vida sube de media entre 200 a 400 €, o goberno do PP sube as axudas económicas en 20€ con diferenza do curso pasado. Isto transmítese en que máis do 60% das familias galegas con fillos e fillas nas escolas públicas teñen que pagar polos libros de texto. O 76% das familias recorrerá a préstamos para poder financiar as compras do inicio do curso escolar.

En definitiva, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia pretende tapar todas as carencias do sistema educativo cunha “máquina de propaganda” que non é capaz de ocultar a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

realidade que existe no sistema educativo galego, no que tanto as familias como os docentes están moi descontentos e a desconfianza cara un Ensino Público mal xestionado están cada vez máis presentes.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Ordes insta á Xunta de Galicia a:

1. A recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto.
2. Elaborar un plan específico e estratéxico de organización do sistema educativo actual priorizando e potenciando os colexios do rural.
3. Reformar as condicións laborais do profesorado, mellorando soldos, reducindo número de horas lectivas e redución da burocracia.
4. Baixar a ratio adecuándose ás necesidades de organización dos centros educativos actuais e a atención a diversidade do alumnado.
5. Garantir o servizo de transporte escolar público para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do grupo de goberno, para explicar o voto en contra da urxencia da moción, que sinala chegou o inicio do curso escolar é sucede sempre o mesmo. A súa actitude con insultos ao goberno de Galicia. É verdade que me sorprende, porque o pleno pasado chegoume a chamar a prensa por un suposto debate agresivo e resulta que agora son vostedes os que utilizan a agresividade nas redaccións. Falan de recorte, recorte, recorte, eu téñolle que dicir mentiras, mentiras, mentiras. Corramos un tupido velo e apelemos a moderación ética e institucional a ver se somos capaces. Mire, non votamos a urxencia da moción polo seguinte. Primeiro, o sistema galego é o máis xusto porque beneficia as familias que máis o necesitan. 7 de cada 10 familias se ven beneficiadas, o 70%. Banco de libros gratuíto, axudas económicas, libro dixital gratuíto e cheque de material. Son axudas baseadas na renda familiar. Quen as necesita ten todas as axudas ao seu alcance. Non se reparten cartos por repartir, que é o que a vostedes lle gustaría. Pero claro, xa sabemos que o socialismo fracasa cando se rematan os cartos dos demais. Iso si. Segundo punto. Plan específico. O di un partido que no medio dunha crise sanitaria decidiu cambiar todas as leis educativas: a LOMLOE, a Orde de Universidades, a de FP que obrigou a cambiar todos os libros de texto sen aportar nada de fondos, cero euros. O que apela aquí é un pacto de estado pola educación, que é o gran fracaso desta democracia. Sen embargo, en Galicia, o sistema educativo galego está ao nivel dos mellores de Europa. E no dicimos nos, dio Pisa. Temos o sistema máis equitativo por diante de todos os países da OCDE. Nono dimos nos, dio Pisa. Vale. Mire, eu non sei onde recollen os datos, de verdade. Xa llo comentei o pleno pasado. Pero de recortes, nada de nada. Porque supoño que será porque están en campaña, pero fáltalles un dato moi importante na ecuación a caída da natalidade. 11.924 nenos menos, pero 370 profesores máis que o curso pasado e oito aulas máis. Mire, con o respecto da ratio, o 70% das aulas teñen 20 ou menos, e dese o 70%. O 30% teñen 10 ou menos nenos. O goberno socialista nesta reforma non mudou as ratios. Non mudou ningún ratio. 25 para primaria e 30 para secundaria. Pero Galicia mellora eses datos. E ademais a maiores, a Xunta



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de Galicia ven de firmar, precisamente a semana pasada, con tres dos catro sindicatos, un acordo histórico, que implica baixada de ratios, atención diferenciada ao alumnado de necesidades especiais, baixada do horario lectivo dos mestres, mellora na carreira profesional con subidas salariais vinculadas á formación e o desempeño de tarefas, redución da burocracia e mellora de conciliación. E todas estas medidas repercuten tanto na estabilidade do profesorado como na estabilidade do ensino rural. Queiran ou non queiran vostedes o sistema educativo galego é dos mellores do estado, míreo por donde o mire, e tamén é o sistema no que menos abandono escolar hai. Vostedes non miraron ben a radiografía do ensino de Galicia, ou, quizás, que non me estrañaría, miraron a radiografía dunha comunidade xestionada por vostedes, Por último, quere facer unha mención en concreto a Ordes, todos os usuarios que teñen dereito ao transporte escolar, o teñen o asegurado. Galicia gasta cada curso 120 millóns de euros en transporte escolar para prestar ese servizo. Mire no rural como estamos, que lle vai a dicir os alumnos que hai en cada centro de Ordes e como están de ratios. Colexio Castelao, 491 alumnos, 41 profesores, unha media de ratio de 11,9. Solo hai 2 aulas, cun máximo de 24 alumnos e a maior parte teñen de 19-20. No Campo Maior hai 245 alumnos e 26 profesores, unha media de 9,4 alumnos por aula. A máxima aula é de 24, as mínimas entre 12 e 13 e a maior parte entre 19 e 20. No colexio do Mesón hai 148 alumnos, 17 profesores, aí é o único colexio que ten unha aula que é de 3 anos de 25 alumnos. Ten outra de 23, ten unha aula de 8, que a señora Berdomás o ten o que saber, e a maior parte ten entre 15 e 16 rapaces, unha media de 8,7. Así está o ensino no rural.

Intervén a Sra. Ribadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O pasado venres 20 de outubro saíron publicados os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2024.

Este grupo político procedeu á súa análise e puido comprobar que unicamente se destina a Ordes unha partida de 81.761 euros para o abastecemento e saneamento de o Canedo dende o Mesón do Vento. Alegrámonos de que Ordes aparecera, por fin, no mapa orzamentario da Xunta de Galicia pois debemos ter en conta que no ano 2023 a partida era de 0 euros. Mais o orzamento segue a ser insuficiente para satisfacer as necesidades e demandas da veciñanza.

O propio goberno municipal recoñeceu, durante o ano 2022, que existe unha demanda elevada de prazas que as garderías de Ordes non poden atender nin por vía pública nin por vía privada. Comunicaron entón, que a Xunta de Galicia se comprometía a brindar fondos para a execución dunha nova escola infantil que se construíría durante o ano 2023 e abriría as súas portas durante o ano 2024. Hoxe vemos con inmensa frustración que foron falsas esas promesas pois non figura ningunha partida orzamentaria para este fin que ascendería, segundo o señor Alcalde, a 800.000 euros.

Tampouco se contemplan nos orzamentos a construción dun heliporto no Centro de Saúde de Ordes (un recurso fundamental para atender os pacientes graves coa maior brevidade posible).

Non se fai referencia a ningunha actuación no polígono industrial de Merelle para favorecer as empresas existentes e atraer outras novas (algo de vital importancia dado o esmorecemento industrial deste concello nas últimas décadas).

É necesario aumentar e mellorar a rede de abastecemento e saneamento de Ordes.

Cómpre salientar que a partida é claramente insuficiente (81.761 euros) na que soamente se prevé unha actuación nunha das parroquias de Ordes (Ardemil).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Non figura ningunha actuación en canto a instalacións deportivas, non figura ningunha actuación nos nosos centros de ensino, non figura ningunha actuación para protexer o noso patrimonio arquitectónico, cultural e artístico, ...etc.

Dende o PSdeG de Ordes somos conscientes de que esta moción se presenta fóra de prazo mais a data de publicación dos orzamentos xustifica a demora. Ademais, debido ao curto prazo para presentar emendas e á importancia das actuacións antes comentadas cremos necesario debater todas estas cuestións no seno da corporación municipal para achegar á Xunta de Galicia os requirimentos que se consideren oportunos.

Polo que, o grupo municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a contemplar nos orzamentos do ano 2024 o proxecto e execución da escola infantil municipal.
2. Instar á Xunta de Galicia a destinar unha partida nos orzamentos do ano 2024 para o proxecto e execución dun heliporto no centro de saúde de Ordes.
3. Instar á Xunta de Galicia a incorporar nos orzamentos do ano 2024 a mellora e aumento da rede de abastecemento e saneamento.
4. Instar á Xunta de Galicia a incorporar nos orzamentos do ano 2024 unha partida destinada a realizar melloras no polígono industrial de Merelle.
5. Instar á Xunta de Galicia a contemplar nas partidas orzamentarias para o ano 2024 a realización de melloras no Museo do Traxe Juanjo Liñares.
6. Instar á Xunta de Galicia a incorporar nos orzamentos do ano 2024 o proxecto e execución de instalacións deportivas no concello de Ordes”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que explica o voto en contra da urxencia da moción, sinala que o que non pode ser é que veña aquí con esta exposición de motivos, que son unha farta de mentira tras mentira, cada parágrafo é unha mentira, cada unha é máis grande. Porque primeiro, xa llo dixen no mes de xullo. Para poder valorar uns orzamentos, eu simplemente lle dou a miña opinión, proceder a súa votación a favor, en contra ou a abstención. O primeiro que hai que saber é como se estruturan, cales son os capítulos, despois como se poden desenvolver e sobre todo como se poden executar. Eu vexo que iso aínda a día de hoxe, a pesar de levarse a varios anos na corporación, unha de vostedes segue sen sabelo. É claro, un orzamento municipal como de ordes de 14 millóns de euros pois aínda se pode un pouco navegar polo seu interior, é simplemente ler a memoria da alcaldía, ler a memoria da intervención e creo que as cousas, a conta de darlle un par de voltas, se poden ir entendendo. Pero claro, collen un orzamento como a xunta de Galicia con varios miles de millóns de euros e pérdense. Non sei se vostedes fixeron isto, se llo mandaron feito, pero é que vostedes o que din aquí, non é unha cosa que sexa certa, pero é que ningunha. Xa llo di así de claro, ningunha. Única e exclusivamente, conseguiron buscar unha partida que aparece no capítulo 6. Simplemente para que vaian vendo determinadas cuestións. Cando a Xunta manda os cartos ao Concello de Ordes, e nós somos os que temos que licitar unha obra, eses cartos non van



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

aparecer nunca no capítulo 6, non van estar nunca nunha partida específica, nunca van aparecer en Ordes aí. E a inversa, cando sexa a Xunta de Galicia, propiamente dita, quen teña que facer a través das súas consellerías unha licitación, pode ser que nos teñamos que transferir cartos para alí, se nos temos que aportar unha parte e se vai aparecer esa parte aí. E o resto son os fondos que teñen eles e que están en partidas normalmente grandes e que despois se van facendo e executando os proxectos unha vez que van tendo a validación. Igual que facemos nos noso Concello, ou que se fai en calquera concello de Galicia. Única exclusivamente se quedan cunha partida de 81.761 euros non foron nin capaces de ler para que proxecto se corresponde. Dígollo eu, é para o abastecemento e saneamento do Canedo. Pero eu creo que xa falamos diso, no seu momento. Primeiro, vos tedes non votan a favor dos orzamentos polo cal ese proxecto non se podería levar a cabo, nin por vos tedes, nin por vos tedes, porque non están de acordo co orzamento, non poderíamos facer esa transferencia. E esa transferencia que aparece aí, eu que non se aprobamos os nosos orzamentos, nos dous exercicios pasados. Porque llo temos que transferir para aí para que o poidan incorporar eles e despois poder executar a obra. A obra, como xa lle dixen no seu momento costa 680.827,26 euros. Iso xa está nos orzamentos da Xunta do ano que ven. O que pasa é que non lle vai todo definido. Pero vou dicirlle máis cousas. Un pouquiño para volver para atrás, que no ano 2023 a partida serán 0 €. Se miran o capítulo 6 a partida son 0 €, pero a reforma do CEIP Castelao 146.702, a reforma do CEIP Mesón do Vento 143.472, a reforma do Centro de Saúde 436.625, a mellora de eficiencia enerxética do Centro de Saúde preto de 51.000€, a reforma do Centro Comarcal, convertido xa actualmente en oficina rural 640.850 €, a reforma do Instituto de Maruxa Mallo coas placas de fotovoltaica 30.106 €, o proxecto da rolda suroeste, por unha parte 18.000 euros, e por outra parte 15.000 euros, 33.000 euros, un proxecto que xa está feito na Consellería de AXI. Iso son inversións que se fixeron para Ordes cos cartos que están na Xunta de Galicia no exercicio 2023. Son proxectos que están moi avanzados a pesar de que vostedes, despois, cando teñen que votar os orzamentos ou teñen que votar aquí determinadas cuestións para que isto se poida facer realidade, sempre votan en contra. E polo tanto votan en contra de que Ordes poida progresar. Porque, despois, é moi fácil. Como vamos a facer un heliporto se vostedes votan en contra do plan xeral de ordenación municipal. O primeiro que hai que facer é reflexar no plan xeral de ordenación municipal. Como facemos iso. Se non temos plan xeral non podemos facer o heliporto. Queremos plan xeral ou non queremos plan xeral. Están votando en contra, si ou non. Porque a abstención é votar en contra, non serve, non suma. Única e exclusivamente o plan xeral está avanzando porque aquí hai nove votos favorables. Nin os seus, nin os seus valen para nada. Para nada. E como fai un momentíño, como cumprimos un contrato como o de abastecemento de saneamento de Ordes abstívose. Como cumprimos, a min que a alguén mo explique. Algo que está perfectamente regulado. Se nos non votamos a favor, facemos como vostedes, votamos abstención. É que, o concello incumpre e vamos a xulgados. Non me parece lóxico que se esa sexa a maneira de actuar da oposición de Ordes. E non me parece lóxico, e despois veñamos con estas mocións, que nunca analicemos o que son os orzamentos e que non sexamos capaces de pedir o que se executou con base aos orzamentos da Xunta de Galicia no termo municipal de Ordes no ano 2023. E ser capaces de poñer aquí, dicir, 0 euros. Á vista están esas obras todas que eu acabo de mencionar. Parque empresarial de Merelle, antes do 15 do mes que ven vai estar executada a obra, 120.000 euros da Xunta de Galicia, 30.000 euros do concello de Ordes. A AC-408 do tramo principal, 120.000 euros máis. Eu teño aquí a cantidade de cifras que fun sumando. E despois que me digan o proxecto da gardería. Pero vamos a ver, o proxecto da gardería está en licitación, está xa en fase da avaliación e xa temos a axuda concedida que anunciamos incluso ante das eleccións municipais do ano 2023, 377.335 euros. Xa se vai a adxudicar. Xa temos unha parte da financiación. A anualidade do ano 2024 está cuberta. Estamos pendentes, como lle dixemos, no seu momento, dunha reunión, unha vez que se aproben estes orzamentos para que con esas partidas que hai que nos poidan facer un convenio para ver que parte podemos conseguir a maiores de financiación, para que non pode ir adxudicado de ante man. Primeiro, hai que ter claro cal é a demanda do Concello de Ordes a ver que parte podemos seguir aportando de fondos propios e cale é a parte que nos vai ter que meter a Consellería noutra anualidade. Pero é que a 2013 está garantida, senón non podíamos estar licitando obra. Como falamos de proxecto, cando o proxecto está aprobado, está supervisado,



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

está licitado co aval de todos os técnicos municipais. Como podemos vir aquí con esa exposición de motivos ao pleno do concello de Ordes no mes de outubro do ano 2023, cando obra está xa para adjudicar. E, despois, insisto, actuacións no polígono industrial de Merelle. En cal. No que xa ten todo o solo vendido. Porque vostedes tamén votan en contra da ampliación. Claro que estivemos hai uns días no IGVS e queremos que para o ano 2024 se poida empezar a traballar na ampliación do polígono empresarial de Merelle. Claro que queremos que unha vez que se aprobe a nova ampliación das áreas empresariais de Galicia, no ano 2024 se poida ir incorporando de cara ao ano 2025 o polígono de Pardiñas nas áreas empresariais de Galicia. Claro que queremos, pero vostedes votan en contra. Vostedes están indo en contra de que Ordes avance. Heliporto, plan xeral, veñen a pedir aquí cousas, en donde. Se non temos o solo, vostedes non apostan para que se recalifique ese solo. Non apostan, pero tampouco dan unha alternativa distinta. Simplemente, non. Non me gusta o que fan vostedes. Xa lle acalarei o tema dese proxecto, pero a maiores temos outro proxecto, tamén en supervisión, de 1,34 millóns de euros para a reforma integral da ATAP de Buscás, tamén onde a Xunta de Galicia agardamos aporte o 80% desa financiación. É encanto isto do noso patrimonio arquitectónico, cultural e artístico. Miren, proxectos presentados para o Museo do Traxe, suman 138 mil euros. Proxectos de patrimonio, Camiño Inglés, 267.180, en trámite. Zona de concentración parcelaria de Poulo, ano que ven 260.000 euros. Zona de concentración parcelaria de Ordes, con total seguridade de que está o informe definitivo no ano que ven avaliación ambiental e decreto, con total seguridade. Senda na AC-542, desde o Mesón cara Betanzos, ata comunicar co camiño inglés, máis de medio millón de euros. Hurbe, para prazo do Mesón do Vento, 740.000 euros. Ponte do río Samo, compartida con Frades, 315.000 euros, ...etc. Entón, miro o fácil que é desmontarlle, pero sobre todo o que é máis importante, lean o documento antes de facer unha valoración única e exclusivamente política para vir a traer aquí unha moción que non ten por donde collela. Ninguén, e sobre todo o que me parece xa inadmisibile, que propoña aquí facer un heliporto ou facer unha actuación no polígono industrial de Merelle, cando hai fai escasas datas, votan en contra do Plan xeral de ordenación municipal e saben perfectamente que iso é totalmente inviable mentres no se aprobe o planeamento. Totalmente inviable. Van a ter unha nova posibilidade antes do día 15 do mes que ven de sumarse a un voto favorable de aprobación do Plan xeral de ordenación municipal que vai ter unha aprobación definitiva antes de que remato o ano. Vostedes verán se queren que Ordes siga avanzando e que Ordes progrese, porque o plan xeral deberá de ser de todos. Eu xa sei que esta bancada non lles interesa, só queren debate político. Pero eu sempre entendín que vostedes que presentaron as propostas para o plan xeral de ordenación municipal no ano 2016, cun pacto de cabaleiros, e que todas elas están recollidas integramente, se non falen cos compañeiros que estaban nese momento, integramente, que se comprometeron estando integramente a votar favorable, nunca fun capaz de entender que vostedes no pleno de agosto votaran a abstención. Entón falen con eles e analicen se ese compromiso existía ou non existía, e se todo o que está alí recollido se cumpriu ou non se cumpriu por parte deste grupo de goberno.

Solicita intervir o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, por alusións. Esta bancada, vostede referíase que votamos en contra do Plan xeral de ordenación municipal. Ben, no ano 2016 o Plan xeral de Ordenación municipal saíu aprobado polo voto favorable do Bloque Nacionalista Galego. Na aprobación provisional votamos a abstención. Que pasou, que despois a Xunta de Galicia foi quen votou en contra do plan xeral de ordenación municipal, denegando a súa aprobación definitiva. No segundo pleno de aprobación provisional, despois do mes de agosto, non votamos en contra, votamos a abstención. O que pasou é que agora, novamente, é a Xunta de Galicia quen vota en contra do Plan xeral de ordenación municipal, porque está mal redactado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que simplemente lle vai a aclarar, con ningún dos argumentos que vostede defendeu no pleno. Ningún, cero. Tanto na aprobación un como na aprobación dous. Polo tanto, vostede, única exclusivamente, sigue xogando coa demagogia e con levar o discurso a donde lle interesa. Nin na modificación puntual 1, ningún dos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

argumentos que vostede está aquí no pleno, que están na acta, son cuestionados pola Xunta de Galicia, ningún deles, nin esta segunda. Ningún deles. Polo tanto, todo iso que acaba de dicir é papel mollado.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Durante a campaña da sementeira do millo os gandeiros e gandeiras atopáronse con unha praga de verme que afectou a súa colleita e tendo que, en moitos casos, proceder a un sobre tratamento do cultivo e incluso a volver a sementar a superficie agraria. Este problema non foi solventado neses momentos, dado que agora, coa implantación dos cultivos de inverno esta praga tamén está afectando a herba e aos cultivos fixadores de nitróxeno.

No concello de Ordes, un concello rural onde a actividade agraria é básica para o mantemento do medio e que crea moitos de postos de traballo directos e indirectos está tendo especial incidencia, creando non só un problema medioambiental, senón tamén económico para as explotacións gandeiras.

O verme cortador é unha praga que ataca as pradarias, deixando mermada a produción de forraxe de cara a campaña 2024.

Esta merma supón unha complicación máis para os gandeiros e gandeiras, dado que estamos nun escenario onde os prezos do forraxe e pensos cotizan a alza e os prezos do leite e carne levan caendo dende a primavera, con predicións de caídas durante todo o 2024.

Así mesmo esta situación ten especial transcendencia nas granxas acollidas ao sistema de ecolóxico, así como as que practican pastoreo en modo convencional, ao igual ca as explotacións que manexan máis base territorial en intensivo, dado que as prácticas medioambientais como a rotación de cultivos ou o cultivo de fixadores de nitróxeno son moi complicadas de levar a cabo.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta as Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente a involucrarse na loita contra esta praga e elaboren un plan de actuación e prevención con directrices claras para atallar o problema.

2- O Pleno da corporación de Ordes insta á Xunta de Galicia a solicitar unha moratoria dos eco esquemas da PAC ao Ministerio de Agricultura dado que estes son difíciles de aplicar nestes momentos dada a incidencia da praga.

3- O Pleno da corporación de Ordes insta á Xunta de Galicia a sacar unhas liñas de axudas económicas que axuden a paliar as sobrecustes de produción destes cultivos, dado que as liñas de seguro de forraxe non cubren a non nascencia por pragas, porque entenden que o agricultor ou agricultora teñen na súa man ferramentas de loita contra elas, cando non é este o caso.

4- O Pleno da corporación de Ordes acorda dar traslado desta problemática ao Parlamento Galego e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que tendo en conta que non se trata dunha especie invasora, senón que é unha especie que está, polo menos, catalogada desde 1950, que se desenvolve dun xeito anómalo debido as altas temperaturas alcanzadas, impropias deste época, debido ao cambio climático. Ademais, debido ao uso de praguecidas e fitosanitarios que acaban coa fauna depredadora desta especie, é que é unha especie que non só afecta as praderías, senón que tamén afecta ao millo, xa que lle corcome o interior acaba secando as canas, baixando o rendemento da produción de forraxe coa repercusión que isto ten para o sector produtor, ao mesmo que a cantidade de forraxes producido o prezo a alza dos piensos dos forraches debido à invasión de Ucraína e máis a seca. Tendo polo tanto tamén en conta que desde a Xunta ofrece asistencia, en particular, aos afectados coa maioría dos efectos destes vermes, creemos que isto non xustifica a inexistencia dun protocolo de actuación xeral e, en consecuencia, co sectores afectados, así mesmo, debería de haber un plan xeral autonómico, sobre todo tendo en conta que a propia Xunta ten unha serie de pactos para a diminución dos problemas cando con usos ou defectos sanitarios autorizados. E pide que se priorice os métodos de control non químico. Se temos en conta todo isto, é dicir que non hai un protocolo de actuación específico, tamén temos que ter en conta que esta praga se debe as condicións climáticas, ademais de estar repercutindo pola acción dos homes, é certo que non vamos poder previr se o ano que ven vai a haber seca ou se non a vai haber, se van a baixar as temperaturas ou non. Por iso solicitamos que se teña en conta o que pide o BNG e, ademais, que se inste a realización dun protocolo que nos sirva para poder previr isto durante os vindeiros anos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que por suposto que acaba de facer unha explicación moito máis clara de como inflúe a temperatura, como vai a época estacional, de primavera a verán de cada ano, en función das temperaturas, das choivas e demais, na incidencia ou non incidencia desta praga. Non é algo novo, é algo que xa existía, que este ano pola situación climática que tivemos, que se fixo máis patente, especialmente nos concellos primeiros onde apareceron, que foron en primeiro lugar Valdoviño, despois Muxía e que despois que afectou a practicamente a maior parte do territorio donde hai unha actividade especialmente agrogandeira que son basicamente estes gandeiros agricultores os que están máis encima máis preocupados ou que máis poden notar os efectos adversos dunha praga deste tipo ou do que de calquera outra ao respecto. Como comentaba tamén a compañeira do Partido Socialista, é certo que a día de hoxe non hai un protocolo específico, pero si que hai un certo control e un certo apoio sempre desde o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo todo aquelas granxas ou persoas que estean preocupadas pola situación, que non se trata en ningún caso dunha praga de corentena, e polo tanto a Administración Autonómica non intervén directamente como tampouco o fai a Administración a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, única exclusivamente pois ten un rexistro de produtos fitosanitarios. Desde a Consellería de Medio Rural, aínda que non nos vamos opoñer á moción, xa están traballando para que se promovan ese tipo de charlas informativas para agricultores e gandeiros, respecto da aplicación e tratamento dos produtos fitosanitarios. E igualmente, teñen xa previsto, de cara aos vindeiros exercicios intentar estar máis encima e un maior control. Como lle acabo dicir, non nos vamos opor baixo ningún concepto a que os acordos desta moción sexan trasladados conforme vostedes aquí o plantexan, incidindo novamente en que neste caso si considero que en tanto o ministerio puxo en coñecemento por parte do sistema fitosanitario ao tratamento que hai que facer como a Xunta de Galicia a través do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, dou sempre a información que lle demandaron os agricultores, e xa se leva traballando con eles dende fai tempo para que os efectos sexan o menos adversos posibles. E



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

en relación ao que fala da Ecopat parece ser que non é viable, pero está no seu dereito de propoñelo. Creo que aí xa non son únicas suficientes cuestións autonómicas nin cuestión do ministerio, xa non do que diga Europa, que non é tan sinxelo, poñelo aí nun párrafo e trasladalo. Traslado si, pero despois, executalo que non é tan sinxelo. Simplemente tamén para que quede constancia de que é un dos acordos que se están adoptar, pero que creo que deberemos de partir primeiro, te quen ten realmente a competencia á hora da distribución e asignación dos fondos, neste caso que son en todos eles íntegramente europeos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (9 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo.

- 1- Instar ás Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente a involucrarse na loita contra esta praga e elaboren un plan de actuación e prevención con directrices claras para atallar o problema.
- 2- Instar á Xunta de Galicia a solicitar unha moratoria dos eco esquemas da PAC ao Ministerio de Agricultura dado que estes son difíciles de aplicar nestes momentos dada a incidencia da praga.
- 3- Instar á Xunta de Galicia a sacar unhas liñas de axudas económicas que axuden a paliar as sobrecustes de produción destes cultivos , dado que as liñas de seguro de forraxe non cubren a non nacemento por pragas, porque entenden que o agricultor ou agricultora teñen na súa man ferramentas de loita contra elas, cando non é este o caso.
- 4- Dar traslado desta problemática ao Parlamento Galego e aos grupos políticos do Parlamento de Galicia.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O paso de peóns situado na Rúa do Mercado (fronte á Praza de Abastos) atópase visiblemente deteriorado por mor das irregularidades do asfalto. Isto pode causar caídas e accidentes das persoas viandantes.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repare o paso de peóns citado.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se vai a ver, pero non compartimos o rogo.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que quérelle dicir unha cosa, que quen caeu fun eu.

- Na parroquia de Montaos, na N-550, a veciñanza trasladounos queixas pola falta de limpeza dos sumidoiros que recollen as augas pluviais. Isto fai que cando chove abundantemente colapsen.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A revisión e limpeza da rede de sumidoiros pluviais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que daremos o traslado a Fomento

- Ante a falta de iluminación na totalidade da Avenida de Cerceda, e dado que é unha zona frecuentada pola veciñanza ao tratarse dun emprazamento destinado tanto como vía peonil como para uso de vehículos lixeiros (bicicletas, patíns...).

Solicitamos ao señor Alcalde:

A reparación ou substitución das lámpadas para que as veciñas e os veciños poidan camiñar con total seguridade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha avaría puntual, cando fixeron a foto estaba escura, avisouse, arranxouse e listo, ten iluminación LED toda nova.

Intervén a Sra. Berdomas Garcia, que sinala que onde estaba. Onde había algunhas que non estaban. Onte pasamos porque como xa nos dixeron o mesmo nalgúns rogos do pleno anterior, o que facemos a noite anterior é pasar para este pleno, vimos xa sabendo fixo o que traemos.

- A pista que conecta a estrada Ordes-Cerceda coa AC-413 e que transcorre por Lesta amosa un evidente deterioro dende fai meses. Actualmente, coa chegada das choivas, estanse a producir acumulacións importantes de auga. Ademáis, chegan a depositarse restos forestais e lama provintes das pistas forestais debido a imposibilidade de actuación de ditos materiais. O tramo que transcorre por debaixo da ponte ferroviaria chega a anegarse de auga dificultando o paso de vehículos.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repare a pista citada anteriormente e se canalicen as augas pluviais da zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está claro que a ponte é a ponte da ADIF, xa levamos pelexando con ADIF por activa, por pasiva o abandono que teñen. Non hai algo que nos poidamos meternos aí a actuar onde non é unha competencia municipal. Pero despois é que a pista, cando fala da AC-413, transcorre por Lesta, eu non sei a cal se refire, porque pode haber moitísimas opcións, aquí pon un plano, pero tampouco se indica. As imaxes que se ven, eu creo que é algo que se pode dar no momento de forte choiva, e o que non podemos é canalizar todas as redes de pluviais dos case 800 qm que teno o termo municipal. Pero o que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

si me gustaría cando marque as pistas, eu aquí non sei se está falando da pista que vai pola Areosa, se é a pista que vai polo Sameneiros, e de cal está a falar.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que está marcadiña,

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí está marcada cun lote de puntos e non xe a cal se refire. Un é na parte de Cerceda e outra na parte de Ordes.

Intervén a Sra. Berdomas García, que indica que é a que ten, as coordenadas

- A marquesiña situada na Rúa Alfonso Senra á altura do número 176 presenta unha rotura na parte lateral.

Ademais, os restos permanecen no chan co risco que iso implica.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se repoña a cristaleira da marquesiña e se limpe a zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto está en trámite.

- Logo da reparación das beirarrúas na parroquia de Montaos (N-550) a veciñanza trasladounos que se encontran directamente afectados por filtracións de humidades e incluso anegacións dos baixos debido a que non quedaron ben executadas as obras das beirarrúas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se lle busque unha solución a esta situación que levan moito tempo padecendo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto que lle trasladaron non é certo, era un problema que se tiña con anterioridade, un problema de edificación, non do exterior.

- Na entrada da estrada que vai dirección Queis, na parroquia de Montaos, pódese apreciar uns enreixados deficitarios que cubren as canalizacións, estando o da segunda imaxe nun estado lamentable.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A substitución e mellora dos citado enreixados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que temos que llo trasladar a Fomento, é deles non é do concello. Pero a ver se nos fan algo de caso, que non fan nadiña.

- Na parroquia de Montaos atópase unha rede de recollida de augas pluviais que desembocan nunha leira de cultivo.

Solicitamos ao señor Alcalde:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Que se tomen as medidas necesarias para solucionar este problema xerado pola obra realizada e que supón un prexuízo para un particular.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é falso, non hai ningunha rede pública de pluviais e a finca sempre estivo, estará máis baixa, sendo responsabilidade do titular conducir as augas. Iso o saben eles perfectamente que xa foi máis que falado con estes titulares. Alí non hai ningunha rede de pluviais, e sobre todo aclarar iso que vostede fala aquí dunha rede de pluviais, alí non hai ningunha rede de pluviais. É a auga que chove.

- Nun dos tramos das beirarrúas na parroquia de Montaos (N-550 á marxe dereita dirección Santiago de Compostela) existe unha zona que non conta con varanda de protección supoñendo un risco de caídas a un desnivel de 1 metro de altura.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se instalen varandas tal e como figuran na imaxe 2 para facer o tramo mais seguro e esteticamente mellorado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que tamén llo trasladarán a fomento.

- O pavillón do CEIP Mesón do Vento presenta goteiras provocando humidades persistentes no chan. Dado que alí se imparten diversas actividades deportivas existe un alto risco de escorregamento. Ademais, débese ter en conta o impacto sobre a conservación da infraestrutura e dos materiais que alí se poden almacenar.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se reparen as fendas do teito que producen as goteiras.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi un problema do tapaxuntas do translúcido, non puideron subir ata que o tempo permitiu. Ho xe mesmo estaban alí coa grúa intentando xa facer a reparación. Non se trata dunha rotura dunha goteira propiamente dita, senón o tapa xuntas entre o translúcido e a zona opaca que se desprazou durante ou co temporal, ou como fose, e por iso, en dous puntos había posibilidade de entrada de auga para dentro. Non era unha rotura da cuberta. Hoxe mesmo estaban xa mirando. Lóxicamente iso non o poden facer mentres o tempo non mellorou.

- O CEIP do Mesón do Vento precisa aumentar a zona exterior cuberta xa que o espazo é insuficiente para o alumando matriculado.

Dada a situación, persoal do centro e familias manifestan a necesidade de cubrir a área comprendida entre a secretaría e a zona de xogos de infantil.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se instale unha cuberta translúcida que permita o abrigo da choiva e que, á súa vez, facilite o paso de luz natural cara o interior do edificio.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira Delegada de Educación, que sinala que xa llo comentou nalgunha ocasión á xente que o preguntou, non o permite a lexislación. Por unha cuestión de iluminación natural e directa, esixen as aulas por seguridade e por ventilación.

- Logo do acondicionamento do Camiño Inglés no tramo que cruza a estrada de Carrás (Queis) acumulouse gran cantidade de terra e maleza que baixa do valo ao camiño xa que non conta coa suficiente evacuación.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se efectúen as medidas necesarias para que ese tramo non estea enlameado ao paso dos peregrinos ou outros camiñantes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Camiño, por Turismo, ten un servizo de vixilancia e de mantemento. Debido as trombas de auga fan a revisión de maneira puntual, incluso nas propias imaxes, xa habían feito parte da limpeza da cuneta que se ve aí, eu canto falei coa empresa que leva a nosa zona. Pasou aquí en Abegondo, en Mesía, en todo o termo municipal en Oroso, debido ás abundantes choivas. O servizo de mantemento pasa de maneira habitual, e tratan de facer o mantemento da mellor maneira posible para que quede en condicións e que non haxa perigo para as persoas que circulan polas estradas. Precisamente, unha das actuacións que están nos orzamentos da Xunta para o ano que ven, que xa mencionei antes, e precisamente todos eses cruces de estradas. que se poidan mellorar en aras de que sexan máis seguros tanto para os peóns, os que fan o camiño, como para os condutores.

- Na parroquia de Montaos existe unha finca en estado de abandono. Tal e como se pode ver nas imaxes a vexetación sae dos lindes da propiedade e incluso o muro que a rodea está nun considerable estado de abandono, apreciándose claramente algunha parte derrubada.

Ademais, os castaños que invaden o espazo público acumulan gran cantidade de materiais orgánicos sobre a calzada.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Se dea coñecemento ao propietario para que proceda á limpeza da parte do muro que afecta ao exterior así como á reparación das partes que presentan deficiencias que poidan resultar perigosas ademais da limpeza da calzada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que situacións destas temos todas as semanas. Moitas, as que observa a propia policía local, as que informan os concelleiros, as que informan os veciños ou que entran por rexistro do concello que igualmente poderían facer vostedes. Simplemente indicar que a policía local xa fixo no día de onte o informe, se vai proceder ao traslado. A maiores, coñece persoalmente esta persoa, onte dinlle coñecemento da situación que tiña, a través das imaxes do propio rogo. É unha persoa moi colaboradora e me dixo que ía a proceder canto antes. Primeiro, creo que compre limpar a maleza, sacar a vexetación que estorba e, despois, examinar o estado do muro.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Antonio Villaverde Rey, concelleiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na parroquia de Montaos, na nacional 550 (N-550), con coordenadas 43.03161 - 8.42622, no cambio de sentido subterráneo existe maleza (herbas grandes, toxos, fieitos, silvas, ...etc.) como se pode observar nas fotografías anexadas, que de non seren rozadas periodicamente en intervalos de tempo non moi longos, medran introducíndose na pista, chegando a ocupar boa parte da vía. Isto dificulta a visión dos condutores á hora de incorporarse á estrada principal, ademais da proliferación de animais entre a vexetación, que poden resultar perigosos para os e as viandantes. Esta vía sitúase no núcleo da parroquia de Montaos e é moi concorrida para facer o cambio de sentido na N-550, polo que é necesaria unha limpeza cunha maior frecuencia.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade que actúe rozando as zonas anteriormente descritas.

A instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade a que acurte os períodos de limpeza tanto como sexa necesario para garantir a seguridade na vía pública.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está ben que fago rogo, pero eu xa lle digo que non se pode compartir. O que sucede neste concello por parte do Ministerio é un estado total de absoluto de abandono de toda a nacional 550, que atravesa o noso termo municipal. Hai practicamente dous anos que non desbrozan. O ano pasado fixeron o desestacionalizado no mes de marzo. Este ano estamos no mes de outubro e as máquinas estaban na zona de Carral hai poucas semanas. Ordes, máis dun ano e medio, sen que tivese pasado ninguén a facer unha sola tarefa de mantemento dunha cuneta, ningún tractor a facer un so desbroce. Ese é o trato do Partido Socialista con este termo municipal. Ese é o que é importante que sí que reclamen. Por que é vergonzoso, vergonzoso que durante dezoito meses ningún mantemento dunha cuneta, ningún mantemento dunha vía de servizo, ningún mantemento de desbroce en todo o termo municipal. Isto está máis que esixido. Informes da policía local por doquier. Escritos meus. É doloroso falar co vixilante e que che digan que non teñen cartos. Non temos que trasladar isto porque estamos cansados de trasladalo. E non solo por este punto, por todos. Por todos. Por todo o que sucede neste termo municipal de abandono. E que teñas que andar mendigando nas reunións, cando está por aquí, para que nos arranxen 300 ou 400 metros de vía de servizo, que nos fagan un mantemento, e que che digan que non temos cartos a ver como podemos facer. Fomos resolvendo problemas nas Casillas, fomos resolvendo problemas en leiras. E que simplemente as respostas ao final sexan que non nos mandan diñeiro. Como que non importamos, é lamentable. E por iso eu digo, está moi ben que faga o rogo para o público coñecemento, pero dicirlle que máis do que nos insistimos, estou seguro que non insiste ninguén, porque se algo considera tamén o vixilante así mo leva dito moitísimas veces, é que máis pesados que os de Ordes non os hai en ningún lado, polo menos presentando papeis. Presentando papeis outra cosa é que non conseguimos as solucións. Isto é unha vergonza como teñen este termo municipal, sen un solo quilómetro de desbroce en máis de dezaseis meses, máis de dezaseis meses. Unha vergonza.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, concelleira do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- No paso baixo a vía do tren que se atopa entre o núcleo de Del e a vía AC-413, existe unha arqueta a carón da estrada que non dispón da reixa coa que contaba nun principio, o que supón un elevado perigo para os vehículos que transitan pola vía.

Por outra banda, as cunetas da citada estrada nese tramo, así coma o tubo que acomete á citada arqueta, atópanse cheas de entullos, o que impide o correcto funcionamento e tránsito das augas pluviais.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo as actuacións precisas para repoñer na citada arqueta a reixa.

A efectuar unha limpeza e desentullo das cunetas na zona.is.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que volvín a pedir outra vez informe da Policía Local. É algo competencia de DIF, que insistimos por activa e por pasiva ao vixilante, que teña un mantemento non so aí, tamén en Montaos, na zona de Fosado, na zona da Estación, o que sucede na Ponte del Este. Estamos exactamente sempre na mesma problemática, na mesma situación, abandono, total e absoluto e continuo. Insistiremos porque agora si levábamos un tempo sen facelo conforme o outro, aínda insistimos a anterior semana, que estou pendente de que veña por aquí. Neste caso, xa lle pedín un novo informe à Policía Local, daremos traslado. Faremos exactamente igual, non só con ese punto, teñen exactamente igual todas as pontes. Se vai á que vai da Estación cara Fosado, está na mesma situación. É algo que é competencia exclusiva de ADIF que ten a súa xente para facer ese mantemento, e non o fan.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Usuarios/as da piscina climatizada, trasladaron ao grupo municipal do BNG as súas queixas pola supresión das actividades de loga nas instalacións da piscina Iván Raña Fuentes.

Lembramos que recentemente aplicouse unha suba do prezo público pola prestación de servizos nas citadas instalacións, atopándose a veciñanza que está a pagar máis por unha oferta que prescinde das actividades de loga que se viñan impartindo ata o de agora.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A incluír as actividades de loga na oferta de actividades das instalacións da piscina Iván Raña Fuentes.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, Concelleira Delega de Deportes, que sinala que cando se fai a programación das actividades un dos valores a ter en conta é as asistencias. Encontrámonos cando no mes de xullo analizamos os ratios na piscina, que o sábado tiñamos de media catro asistentes por clase, e durante a semana seis, no horario de tarde estou a falar. Entón, nos consideramos inviables manter esa actividade, cando ademais non é que non a tiñamos, pero a través do Concello síguese impartindo. Sabemos que é nun horario máis tardío, pero é que na piscina é imposible poñer unha hora máis tarde porque a distribución das aulas e das actividades está feita, por poñer un exemplo, non podíamos poñer unha actividade de ioga e unha actividade de cardio con música alta a carón. Entón está feita así a distribución.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que rogaría estudar, polo menos, aínda que non sexa na piscina, implantar as actividades de ioga aínda que noutras instalacións

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que xa as temos no concello no Campomaior.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle acaba de indicar que moita de xente trasladou esa actividade municipal. Pero, simplemente por aclarar, o que comentaba a Tenente alcalde, a concelleira de deportes, o desequilibrio que temos na piscina, a situación que temos de todo o que está acontecendo cos prezos e aí houbo que pedir un pequeno esforzo, neste caso, aos abonados. Ioga esta nas actividades municipais, vale, se nalgún momento se pode retomar, retomárase. Pero non se deixaron de dar actividades en canto a horas de posibilidade de ter actividades ou outro día, incluso hai unha actividade de mais que antes da modificación o que é en horas cubertas de actividades ao longo da semana, simplemente que fixeron unha redistribución e teñen actividades distintas que lle demandaba a xente. O normal é que se saque unha actividade que só ten catro usuarios, cinco ou seis. Que esa xente este molesto e tal. Teñen a posibilidade de ir a actividade municipal e seguen tendo ioga por parte do Concello bonificada exactamente igual. E senón, sempre teñen a posibilidade de actividades que ofrecen centros privados. Que non se trata diso, seguen tendo tamén actividades con oferta pública. Por o tanto, se vostede comproba, garantimos que este ano subiu moita xente de asistencia a ioga.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se a xente que está pagando as taxas da piscina podería acudir ao Campomaior sen ter que pagar algo maiores. En contrapresentación de que se quitou esa actividade de ioga da oferta da piscina e que agora se pode impartir noutro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que iso non ten sentido. A actividade que se fai a través da programación vai dunha época a unha época, poden darse de alta e de baixa cando consideren. A piscina é unha cosa totalmente distinta. Poden darse de alta e non teñen ningún tipo de problema. Vai a saírlles moitísimo máis fáciles, so van á piscina pola actividade e só a actividade. A terceira parte do prezo, que poden ir igualmente dúas horas á semana ir á actividade. Iso non o podemos plantexar. Se queremos que isto teña un equilibrio, vostede trata de elevarmos o desequilibrio dun lado para o outro. Isto non funciona. Non funciona.

Incorpórase á sesión o Sr. Concelleiro Sr. Veiras Carneiro.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que quere aclarar que ioga xa se viña impartindo durante todos estes anos de atrás nas actividades de deporte municipais.

- No pavillón Castelao, existen filtracións de auga na cuberta, o que deriva en goteiras en épocas de choiva, tendo que recorrer a dispor diversos caldeiros e recipientes en varias zonas do pavillón, da pista e das gradas.

Por outra banda, como resulta habitual coa chegada do inverno e a baixada de temperatura, o resto dos pavillóns (Castelao II, Campomaior e Mesón do Vento) adoitan rexistrar problemas de condensación que fan inviable a practica do deporte na pista por risco de escorregar, o que mesmo ten chegado a provocar que se suspendan actividades físicas escolares, adestramentos de clubs que fan uso das instalacións, ou mesmo impedir o uso das instalacións á veciñanza que simplemente quere xogar un partido entre amigos.

Lembramos que nestes últimos pavillóns, insistiuse unha e outra vez por parte do goberno local, na mesma solución para o tratamento da pista, a pesares de comprobar que estaba a producir os citados problemas de condensación, o cal resultou no gasto



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de fondos públicos nunhas actuacións que dificultan ou fan pouco seguro o uso das instalacións, precisamente na época do ano que son mais necesarias.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo as actuacións precisas para evitar as filtracións de auga que se están a producir no pavillón Castelao.

A actuar para solucionar definitivamente os problemas de condensación que adoitan producirse coa chegada do inverno e as baixas temperaturas nos pavillóns Castelao II, Campomaio e Mesón do Vento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que sabemos disto, xa o propio conserxe lle dou unha explicación bastante contundente a quen e interesou por parte do seu grupo en relación a estas situacións. As goteiras están subsanadas, púidose acceder a elas tamén cando o tempo permitiu, pero é un problema que se pode dar en calquera instalación. Neste caso, deuse exactamente o mesmo, entre o translúcido que se puxo non hai moito tempo para mellorar a iluminación no interior da antiga coberta, ben sexa polo temporal, ben sexa a polas diferencias que pode provocar a temperatura ao ser materiais que traballan de diversa maneira ao longo do verán, fíxoselle un mantemento preventivo xusto antes do comezo do outono, pero quedaron aí dous ou tres puntos que nos xeran esta problemática que é recorrente todos os anos. Cando chove, lóxicamente, cando mellor se ve, xa está a reparación feita porque está pendente sempre a persoa que fai o mantemento destas cuestións. As solucións que se adoptaron foron as lóxicas que nos impuxeron os técnicos, a mellora foi considerable, todos os clubes a están a agradecer salvo vostedes. Por lo tanto, eu creo que única exclusivamente é seguir dicindo que tiña que ser a solución a súa cando a outra está funcionando perfectamente salvo en situacións moi extremas que non só se dan neste pavillón que se pode dar noutros moitos con este tipo de estruturas e con este tipo de cerramentos. Pretender facer proxectos que serían dun sobrecoste abismal e que non se puideron facer, que obrigarían a suspender durante un tempo importante o uso da instalación. Senón pódolle dicir que o ano pasado tivemos que ceder a instalación a outros concellos para que puideran vir a facer a práctica do deporte. por que eles si que tiñan problemas importantes e serios de filtración e de condensación. Están gratamente sorprendidos cada vez que veñen a Ordes, os clubes, os concellos limítrofes e incluso consellos non tan limítrofes. Polo tanto eu creo que siga insistindo sempre niso, fágao as veces que queira, pero non ten razón.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o pavillón do hockey é o Castelao I, aí non hai problemas de compensación. Nos referimos ao Castelão II, ao Campomaio e ao Mesón do Vento, que nestas épocas, sobretudo entre novembro e febreiro, hai que dicilo así rexistran este tipo de problemas e hai ocasións que non se pode facer uso dos mesmos. De feito, onte mesmo aconteceu no Castelao II. É por iso que seguimos insistindo porque o problema segue aí. Non é algo que estea solucionado, nin moito menos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é verdade onte no Castelao II, por que non puxeron a extracción a funcionar, senón non haberá habido iso problema. Con case total seguridade por comodidade non alcanzou un límite para que se dese esa situación. Se a verdade se comete un erro ao non poñer a extracción a funcionar no tempo que habela posto e despois se creou a película, por moito que a poñas despois é totalmente imposible. Despois temos que entender que son pavillóns que son compartidos por o centro educativo que entran nas condicións que entran durante o período lectivo e que a continuación, en pouquiño tempo, que non lle da tempo á conserxería a facer unha limpeza en condicións, automaticamente entran os diferentes clubes que fan uso del, e sorte que o fan é que cada vez son máis. Pero temos que tamén saber do que estamos a falar. Este non é un pavillón único exclusivamente para facer actividades, como sucede no Castelo 1, de deporte, nese caso practicamente do hockey. Aí, o período lectivo durante todo o día, en calquera dos outros pavillóns, son uns



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

pavillóns que teñen a estrutura metálica, que teñen o cerramento que teñen, moi pegado, nas condicións que foron feitas. Por moito que vostede queira insistir de poñer outro tipo de plantexamentos, verá no futuro que acontece con iso, non é a solución óptima para ese tipo de instalacións. Así o din os técnicos, dino os técnicos, que entenden disto e que levan feito moitísimos e que insisten que a mellor solución é o pavimento vinílico e se se dan nese tipo de situacións intentar corrixilo na medida do posible con extraccións. Entón, vostede siga co seu plantexamento, pero nos de ante man imos a seguir guiándonos polos técnicos que son os que nos aconsellan e que de momento as melloras foron moi grandes, que os clubes o agradecen, e a xente que ven de afora está gratamente sorprendida coas melloras que se conseguen aquí e que eles non poden dispoñer delas nos concellos a día de hoxe

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que os técnicos que son da casa comercial ou é un técnico que estudou a análise

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que eu xa sei que a vostede lle gusta de vez en cando tamén saír coas súas faltadas para a galería, pero siga con elas, e a súa maneira de ser. Non lle vou a contestar a iso.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese una quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Na actualidade moitos núcleos poboacionais de Ordes non dispoñen de conexión a internet nin por ADSL nin por fibra óptica. Nestes casos a única alternativa é a conexión por radio aínda que nalgunhas ocasións é imposible debido á falta de cobertura. Isto deixa a varias familias sen posibilidade de conexión a internet.

A día de hoxe resulta imprescindible dispoñer deste servizo a alta velocidade debido ás demandas laborais, educativas e sociais dunha era dixitalizada.

Cabe destacar que nos concellos da contorna dispoñen dun maior abastecemento no que a este servizo se refire podendo chegar practicamente á totalidade de fogares con posibilidade de conexión por fibra óptica.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Cando se prevé abastecer a totalidade dos fogares de Ordes deste servizo?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dezaioito do tres do ano 2021, seis do sei do 2022, acordo plenario trece do un do 2023. Cobertura de todas as zonas brancas e grises do termo municipal, seis do seis do 2022, incluso vostede votou a favor. E que cumpre o ministerio con Ordes, a súa Dirección Xeral de telecomunicacións e infraestruturas. E dígolle mais, vostede minte, e é falso que os concellos da contorna están mellor que os de Ordes, porque a día de hoxe ten practicamente, xa eu llo dixen aquí, 80% da cobertura ADSL. Moitos concellos da contorna, moitos deles non cheguen o día de hoxe ao 50%. Por lo tanto, incluso nas exposicións de motivos, moitísimo sentidiño co que se pon. E agora, insisto, cando van a cumprir vostedes co concello de Ordes e chegar ao 100% da poboación.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que nos estamos aquí pedindo o que nos reclaman os veciños. Non estou representando nin o Partido Socialista, nin ao Goberno



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Central, nin a Xunta, como parece que vostedes que tanto que defenden á Xunta e tanto que tal. Nos estamos aquí pedindo que nos reclaman os veciños. Nada máis. Non me vote a pelota a min que eu non estou gobernando.

- A veciñanza manifestounos dúbidas a cerca de se as fontes públicas, tanto da vila coma das parroquias, manan auga apta para o consumo humano.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Estanse a realizar análises das fontes públicas?.

¿Se é así, con que frecuencia se fan os controis?.

¿Existe algún documento informativo para que a veciñanza teña coñecemento da calidade das augas? De ser así, ¿onde se pode consultar?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que moitas veces se contesto a isto neste pleno, estou seguro que tamén estando vostede como concelleira, porque non hai tanto tempo da última vez. Web municipal. SINAC, redes de abastecemento municipal. En relación ás fontes públicas non hai posibilidade de facer a garantía de se é ou non apta para o consumo humano. E polo tanto o que recomenda Sanidade é que non se faga ningún tipo de analítica, porque a analítica é puntual no momento que se colla a mostra. Non vale para cinco minutos despois, nin para dez minutos despois, nin para vinte minutos despois. Non hai garantía desa potabilidade e tempo, diñeiro, perdido. Por o tanto, sempre baixo a responsabilidade de todos e cada un dos usuarios. É algo que foi aquí xa tratado en múltiples ocasións e que foi respostado en canto a parte da rede de abastecemento municipal, ten na web e a través do enlace ao SINAC.

- No pasado pleno ordinario do mes de setembro este grupo político presentou un rogo solicitando un espello de circulación para Santa Cruz de Montaos. O goberno en tono colaborativo pediunos documentación complementaria (coordenadas, fotos, capturas de Google Maps, ...etc.) co fin de axilizar a colocación.

Logo de enviar a documentación tivemos coñecemento de que xa fora solicitado polos veciños e que, ademais, conta cun informe favorable elaborado pola Policía Local dende o mes de xuño.

É polo que preguntamos ao Señor Alcalde:

¿Que explicación da a este suceso?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vostede trouxo aquí un rogo no anterior pleno que era do máis confuso. Pedimos que o aclarara. A continuación mandan unha ubicación. Facemos unha comprobación. E non hai un informe da policía local. Hai dous. Dous informes. Un primeiro informe que é preceptivo do que vostede fala é no que se fala do espello que unha vez o tiñamos ubicado, e localizado. O espello que ten o Sr. secretario, aínda non puido ter tramitado o primeiro informe aínda a día de hoxe. Son o primeiro que eu digo que moitísimas veces está saturado de traballo e non puido facer. Que me veña a dicir que hai un informe favorable e que en base a iso non se colocou, non é verdade, porque o que hai que facer é facer a tramitación do expediente, sabemos perfectamente como temos que actuar e como ten que cumprir este goberno. E o único que aquí xerou dúbidas foi que vostedes presentaran un rogo no anterior pleno que non tiña pes nin cabeza e non se daba as ubicacións. Por iso, lle tivemos que pedir que nos subsanaran para que nos ubicaran polo menos donde era. E unha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

vez que o tiñamos, lóxicamente aparecen os informes, analizamos os informes. Por que vostede fala so de un, hai dous e hai un primeiro que non é necesario poñer un espello. O espello é o segundo no caso de que non se poida resolver o primeiro. Vamos a ver se conseguimos facer o primeiro porque evitamos a colocación de un espello, porque ao mellor o veciño ese, ao que hai lle poñer o espello a mellor tampouco quere o espello na súa propiedade, porque hai que xa tocar cun terceiro propietario. Aquí hai dous propietarios afectados e hai un terceiro ao cal lle habería que ubicar o espello. Se se dá resolto a problemática entre os dos propietarios non hai por que chegar ao terceiro punto.

Intervén o Sr. Candal Fariña, concelleiro do grupo político BNG, que formula a pregunta que se transcribe a continuación:

- Un dos proxectos incluídos no Plan Complementario do Plan Único de Concellos “POS+ 2022”, foi camiño a Morgade (Ardeuil) e outros.

Esta obra foi licitada no expediente 2022/C003/000014, e adxudicada á empresa Canarga S.L. o 03 de marzo de 2023, por importe de 169.561,98 Euros.

No correspondente proxecto, no camiño cara Morgade desde a DP-2405, prevíase anchar 1 m o camiño no primeiro treito, cunha lonxitude de 110 m.

No referido proxecto e mais na tramitación do expediente para o “POS+ 2022”, afirmase que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos para a execución das obras.

Na actualidade, está executado no citado camiño, unicamente o tramo desde a antiga escola ata Morgade, quedando pendente o referido tramo de 110 m entre a escola e a DP-2405.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

¿Realmente dispón o concello de Ordes dos terreos precisos para acometer a actuación proxectada no primeiro tramo para anchar 1,00 m? ¿Púxose cando menos en contacto coas persoas propietarias?.

No caso de non dispoñer dos terreos ¿Vai o goberno municipal iniciar un expediente de expropiación ou compra?.

¿Cando se vai executar o citado treito que falta de 110 m de lonxitude entre a antiga escola e a DP-2405?.

¿Por qué motivo non se proxectou anchar o citado primeiro tramo ata os 5 m para conseguir que a vía contara coa mesma lonxitude en todo o seu trazado?.

No caso de non executarse finalmente ¿que aconteceu cos fondos previstos para a súa execución?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se se o señor alcalde andivo dicindo é por que o señor alcalde díaa verdade. O alcalde nunca minte. Para que lle quede claro. A vostede é a eses que lle trasladan o que o andivo dicindo. É a realidade. Entón, con iso creo que lle queda contestada a pregunta. Claro que existen os terreos. Os terreos están a disposición dos veciños de titularidade pública e son públicos. Se vostede que viva ali a carón da un paseo por alí, pode ver estaquillado ata donde chega a propiedade pública. E creo que con iso xa se



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

habería feito unha idea e xa tería claro que parte do que van a poñer aquí non ten moito sentido para trasladar todo isto. Por que está a actuación sen facer. Porque alí, lóxicamente, hai unhas árbores que están en dominio público, pero no medio desas árbores hai un tendido de telefónica que aínda non viñeron a baixar. Entón estamos esperando a que a empresa, no momento que poida, faga a baixada tendido. A maior deuse a situación de que se iniciaron dous expedientes de maneira conxunta en dúas obras diferentes do POS, os mesturaron, executaron un e arquivaron outro. O que arquivaron foi precisamente este. Tivemos que insistir de novo, reabrir o expediente e agora mesmo comunicaron, se puxaron en contacto tanto coa empresa como co departamento de obras. para que se poida proceder á baixada dos cables nas vindeiras semanas, que se poida retirar o arbolado, despois lóxicamente proceder a execución do sobreancho correspondente e deixar a obra rematada en condicións. Penso que con iso todo o demais que o vostede está poñendo aquí quedalle contestado.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que pregunta que queda claro que xa está.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que queda claro que os terreiros foron sempre públicos, o alcalde nunca mentiu, se o dixo é porque tiña os terreiros como públicos, xa estaban claros, que aquilo está estaquillado, que o pode comprobar, que non se puido executar a día de hoxe

Intervén o Sr. Candal Fariña, que pregunta polos cinco metros porque non se fan cinco metros.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se verá agora cando se execute alí. E tamén indicarlle que se vostedes ven os proxectos, sempre se fala de medicións a cinco metros por unha lonxitude. ao mellor nun ten catro oitenta e noutro cinco vinte.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que se refire ao primeiro tramo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que eles fan unha medición lonxitude e unha de un tramo por outro, porque senón excel obrigaría a meter medición, medición, medición, medición. Entón, marcas unha lonxitude por un ancho. O importante é que o resumen é os metros cadrados totais, os metros cúbicos do aglomerado, están na obra ou non están. Teñen que estar. Iso é o que ten que certificar o técnico ao final da actuación. Se alí se dan conseguido en vez de catro sacar catro cincuenta, unha vez que estean retirados as árbores e todo o demais, faranse catro cincuenta. Se se dan conseguido cinco, faranse cinco. Non haberá ningún tipo de problema con respecto à liquidación que pode corresponder da obra senón chegase o diñeiro da actuación actual en que se queden as mellores condicións posibles, o que, lóxicamente, non podemos invadir alí un solo urbano que é un solar. O que non vamos é a expropiar un solar. O que está ben claro é que en base a concentración parcelaria ata onde chega o público e ata onde chega o privado. Estaba estáquillado e esas árbores a día hoxe están no público, pero ten uns cables no medio que imposibilitan chegar alí, sacalos. Pediríalle xa que vostedes coñeces estas xentes, estamos aquí como estamos sempre, A ver se conseguimos que doutra man nos axuden a que esas xentes tamén retire as árbores e deixamos mellor tamén pola marxe esquerda e por alí adiante entre todos.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que el coa xente xa falei eles me dixeron que non había ningún problema, que con eles nin falaran. Entón non sei que é aquí o mentireiro. Dixo tiñan os terreos en propiedade, eu referíame aos dous lados, non a un lado so.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nos para facer a obra que está proxectada, os terreos están en propiedade. Eses terreos están exactamente en propiedade. Estamos falando de retirar as árbores, que é o único que pode o día de mañá xerar un problema de que as raíces traballen por abaixo e xeren un perigo. Non nos fai falta invadir propiedade privada ningunha, estea tranquilo, non mesture aquí cousas. Non estamos falando. Estamos falando de retirar as árbores porque as raíces non é simplemente ver o tronco, é o que traballan as raíces por abaixo, o que queremos evitar no futuro. non hai que abrir nada. Non fai falta que ceda



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

nada. O único exclusivamente que necesitamos, unha vez que se van a sacar os árbores do outro lado, se eles quitan as árbores. Sei que os coñece, como teremos que chegar alí, e falando entre todos, a ver se temos posibilidade de retirar o arbolado. Non temos falando de ocupar nada.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte e unha** horas e **oito** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias